



A NOSA TERRA

Idearium da "Irmandade da Fala" en Galicia
e nas suas colonias



NO DIA de GALICIA 25 XULIO do ano MCMXXII

Redacción e Administración: Praza de María Pita, 17-baixo -- A CRUÑA

Gencal

EL AUTOMÓVIL UNIVERSAL

NOVOS PRECIOS

Bordo Cádiz con dereitos xa pagados debido á nacionalización da fabricación

	Pesetas
Turismo, 5 pasaxeiros, aberto, sin arranque.	4.165
Turismo, 5 pasaxeiros, aberto, con arranque.	4.490
Chassis Camión, con ruedas desmontables (Neumáticos ou macizos atrás).	3.910
Chassis Camión, rodas desmontables e arranque.	4.230
Sedan, 5 pasaxeiros, pecho, rodas desmontables e arranque.	6.990
Coupe, 2 pasaxeiros, pecho, rodas desmontables e arranque.	6.025
Chassis, de turismo, sin arranque	3.035
Chassis, de turismo, con arranque.	3.360
Voiturette, 2 pasaxeiros, aberto, sin arranque.	3.960
Voiturette, 2 pasaxeiros, aberto, con arranque.	4.300
Tractor.	4.260

Camiós e coches de todos os sistemas, sempre en existencia para entrega inmediata na Cruña

LUIS GRANADOS
AXENTE

Oficina, Exposición, Garaxe e Salón de venda de pezas de recambio e toda clase de accesorios para automóviles

Payo Gómez, 5 A Cruña Teresa Herrera, 6

DIRECCIÓN TELEGRÁFICA: LUGRAFORD

A NOSA TERRA

BOLETÍN QUINCEÑAL

ANO VI — NÚMERO 167 — 25 XULIO 1922.

O DÍA DE GALICIA

É este o segundo ano que se celebra o Día de Galicia. ¿Qué significa? Un día de recollimento, de comunión, de ledicia para os galegos, un acto esterno para que moitos dos nosos compatriotas se dean conta do que son, da terra nai, á que teñen que volver si queren ser algo. Desta maneira despertarán do seu sono e traballarán nun futuro glorioso. Que hoxe todos poñan o seu pensamento en Galicia, falen a sua propia fala, e recen os versos dos nosos poetas!

As condicións actuás para o noso movemento nacionalista non poden ser mellores. O rexurdimento do catalanismo, a sua purificación terá unha trascendencia enorme; e ademais non é Cataluña xa a única que pide a sua liberdade política, son-os restantes países oprimidos pol-o Estado hespñol. Por outra parte, dentro da nosa terra o nacionalismo fixo enormes progresos: o número das organizacións multiplicaase cada día, as publicacións en galego aumentan rápidamente, e os participantes no noso movemento esténdense por todal-as clases sociás e todol-os campos ideolóxicos.

As simpatías pol-a nosa actuación non son menores. Elementos novos de moito valimento inauguran con motivo do día de Galicia a sua colaboración na NOSA TERRA. O Sr. Castillo, o mellor arqueólogo galego, delegado rexio de Belas Artes, autor de tantas obras interesantísimas, honráronos c-un traballo escrito en galego expresamente para A NOSA TERRA, relativo ao escudo de Galicia. Para o dito traballo fixo un dibuxo o gran arquitecto cruñés Sr. del Villar, que non hai moito tempo, nunha conferencia sua, indicaba que debíamos facer rexurdir a nosa arquitectura popular. O poeta Xavier Bóveda consagrarse hoxe definitivamente coa sua primeira composición en galego, o soneto que os leitores verán mais adiante; era o úneco que lle faltaba ao «cantor dos pinos» para ser estimado como un dos mellores dos nosos. Calcas (García Acuña), un fino humorista, que pol-as suas penetrantes verbas conocen os leitores do «Noroeste», tamén nos remite unhas cuartillas expresamente para nós.

Con gran ledicia contamos entre nós de novo a vellos amigos e colaboradores: a inspirada poetisa Francisca Herrera; os escritores cheos de talento Eladio Rodríguez, Valcárcel, Euxenio Carré Aldao, Banet Fontenla, Lousada Diéguez, non podían nin debían faltar n-este número.

¿Qué decir dos mais? Lugrís, Leandro Carré, Peña Novo, Abelaira, Taibo e tantos outros... Son representantes do espíritu galego, sempre fondo e valente. O presente número, pois, amostra unha amplia colaboración na obra do rexurdimento da nosa Galicia, que é a única que como temos dito, poderá permitir lograr o gran fin que nos propoñemos. As xeneracións sucesivas apreséntanse agora unidas nas suas aspiracións e arelas.

Saudamos n-este día aos irmaos galegos d' América. A eles é moito o que Galicia lles debe e ainda lles deberá mais agora que se organizan e preparan para o labor redentor da terra. As ideas nacionalistas van conquerindo as nosas colonias alén do Atlántico. O mozo loitador Tomás Sabio fundou hai pouco a Xuntanza Nacionalista da Habana, que leva unha vida moi próspera. N' esta semana anúncianos a prensa a organización d' unha Liga Autonomista en Cuba, anuncio que acollemos con fonda ledicia. Na Arxentina fixo unha labor de propaganda galeguista, pola que sentimos verdadeira simpatía, o vicecónsul da República da Plata en Mondoñedo, Fernández Lorenzo Rico, a quén tamén se lle debe o homenaxe o poeta Leiras Pnlpeiro. Unha estreita e saudosa aperta, pois, aos nosos irmáns d' América.

En Portugal, en Viana do Castelo, publicarásé no día de hoxe en honor de Galicia un extraordinario da revista «Aurora de Lima», no que terán parte escritores galegos. Ao iniciador, señor Julio Lemus, e aos seus paisanos de Viana, saudamos fraternalmente, dándollell-as gracias pola sua fineza e facendo votos porque as relacións culturás entre Galicia e Portugal sexan cada día mais intensas. Non esquecemos n-este día ós nosos amigos de alén Miño: Leonardo de Coimbra, Teixeira Pascoaes, Alexandre de Córdova, Peralta, Sergio e os mais artistas e pensadores que nos honraron coa sua amistade persoal. Nós seguimos con amor e interés os progresos de Portugal, e o seu porvir considerámolo como cousa propia.

Decíamos que na Península espertan rápidamente os ideáis nacionalistas. Estamos seguros que a estridencia nacionalista resolveráse nunha consonancia federalista, nunha confederación ibérica más grande, más fecunda que esta caduca unidade de forza que fixeron contra a von-

tade os Reis Isabel e Fernando. En todos estos amigos que loitan nas mesmas condicíos que nós, pensamos tamén hoxe e enviámosles un aperta ideial.

A alma galega é romántica e xenerosa e afeita ao mar,

cosmopolita. Os laios dos pobos oprimidos chegan hasta nós e atopan eco nos nosos peitos. Galicia n'este seu dia de festa, fai votos porque conquiran a sua arelada liberdade, é porque a xusticia e a paz reínen no mundo.

No día de Galicia

Glosario patriótico

Celebrámolos galegos o día do Apóstol Santiago como unha manifestación solene e pública do noso sentimento nacional. En verdade que o día de Santiago vense celebrando en toda a nosa Terra dende fai séculos. Pero o senso trascendental e patriótico d'esta solemidade é cousa d'estos tempos; responde á iniciativa das Irmandades da Fala. A esa iniciativa responderá Galicia enteira, e oxe en todolos recunchos da nosa Terra o día de Santiago non é unha festa mais, unha romería mais, como fora de cote, sinón que é un día de consagración patriótica, en que todolos galegos nos lembramos mais que nunca de que somos galegos, sentimos orgullosos de selo, e queremos facer viva expresión d'este santo orgullo. Tal é o novo senso trascendental da festa que oxe celebramos. E isto demóstranos unha gran verdade: o fondo sentimento nacional que hay en todolos galegos. Non podemos esixir de todalas nosas xentes unha manifestación reflexiva e consciente dos seus sentimentos enxubres; tal manifestación inda non se da nos pobos de maior educación cidadana; as pequenas vibracíos que marcan o ritmo d'ario das zonas sentimentais dos pobos, soño son recollidas polos espíritus escolleitos; a masa do pobo somente realciona d'un xeito espontáneo e instintivo nos grandes acontecimentos; neses momentos é cando se manifesta a existencia da conciencia colectiva. Por iso a vida dos pobos pode ser dominada e falseada polas minorías directorias; pero nos momentos pasionales é o espírito ancestral da raza o que marca a dirección da vida nacional. Por iso a festa d'oxe na que se manifesta unánime o sentimento de Galicia enteira, abóna pra demostrar a existencia robusta e forte da nosa patria galega, a nosa persoalidade histórica a través dos tempos idos, e a nosa vontade de ser nos tempos futuros.

Cadra o dia de Galicia n'un dia de festa relixiosa, porque o sentimento da patria é tamén un sentimento relixioso, porque é un sentimento de amore pra os nosos irmáns de raza, un sentimento de fé nos nosos destinos, e un sentimento de veneración pra Nai Terra, na que nacemos, na que nos criámos e pola que vivimos. E o dia d'unha festa tradicional, porque nós debemos conservar sempre viva a lembranza das nosas tradicións, porque as tradicións son a colaboración dos tempos ellos á nosa obra futura, son o traballo acumulado das generacións pasadas n'unha permanente continuidade civilizadora; son o herdo da Historia que a través dos tempos vai consolidando o sentimento nacional dos pobos; as tradicións son o sangue dos nosos mártires, as cantigas dos nosos poetas, as tragedias íntimas sufridas pola nosa cidadanía irredenta. Un pobo sin tradicións é un pobo sin arte; sin recunchos sentimentais para pousar o espírito causo polos trafoxos da existencia; sin ermidas de relixión e de misterio para gardar e engrandececer os seus valores morales; sin luz de poesía que matice e alumee os recunchos da sua alma, e con plenitude cordial mate a sede dos seus infinitos desacougos. Porque a

patria é todo eso: a permanencia a través de todolos caminos históricos d'un misterioso sentimento civilizador e poético, que fai xermolar n'un constante remozamento a vida dos grandes pobos.

Pero a Patria tamén é mais que iso: Non é somente a lembranza do pasado, o eternizamento da vida actual no nome dos feitos históricos. O sentimento da patria debe ser un sentimento dinámico. Os pobos que consagran a sua Historia como un dogma definitivo, matan todalas enerxías renovadoras. Nosoutros debemos encarnar o sentimento da patria nunha idea mais xenerosa e fecunda; por eso a veneración dos nosos antepasados, homes ou idejas ou direitos, que dormen nos címetierios frios e solitarios, ou nas bibliotecas enterradas baixo o polvo dos séculos, ou nos incunables roldos e carcomidos, gardádiores d'un direito primitivo e rixido, sómente nos debe servir de alento para superalos, para preparalos camiño ao exército desconocido dos nosos fillos, que más alá dos séculos que inda virán trasformen o noso pensamento e ensanchen as fronteiras da nosa vida, renovando a nosa terra n'unha eterna cobiça endexamais satisfeta d'un alén mais luminoso, mais radiante de libertade e de cultura que a nosa Patria presente.

Debemos consagrar toda a nosa esencia ó pensamento mais grande da nosa vida; e o pensamento mais grande da nosa vida debe ser o pensamento da Patria dos nosos fillos. Nosoutros témolos obliga de deixarlle os nosos fillos o herdo glorioso d'unha patria libre, labrada polos nosos mais xenerosos sentimientos, porque nosoutros non vivimos somente a nosa vida, sinón que representámola continuidade entre o pasado que nos empuxa e o porvir que nos atrae, e temos que responder cos nosos feitos a esta solidariedade histórica; e a Historia gardounos para estes tempos a misión mais gloriosa d'un pobo: a misión creadora de dar vida orgánica ó sentimento secular d'unha patria libre e civilizada que viveu sempre como unha arela escincelante e inmaculada no sagrario de nosas conciencias.

Por iso a festa d'oxe debe ser para nosotros como un assegado recollimento espiritual, de concentración da nosa vida sentimental, e de lembranza das nosas tradicións, pra fortalecermos na nosa labor de superación da nosa patria presente pola patria futura dos nosos fillos.

L. PEÑA NOVO.

Día de Galicia do ano 922.

Gramática do Idioma Galego
Por M. Lugris Freire, académico de número da "Real Academia Gallega"

Este novo libro contén un estudo sintético e integral do noso idioma; e na fonética e morfoloxía resolve todalas dúbidas en col do emprego das voces. A Sintaxis é compreta e crara, fixando regras seguras para o bon orde das palabras na oración.

Véndese a 3'50 pesetas o exemplar na librería e imprenta de «Zincke Hermanos», Cantón Grande, 21 - A Cruña.

As armas da nosa terra

Fai tempo que a nosa terra ten por armas un cáliz: ven de tempos antigos o poñel-o nos escudos das portas do mar da capital, no frente dos muros que ergueitos a defendían, e n'algúns outros vellos moimentos, nos que inda se amostran como proba certa do seu vello orixe.

Pero inda que os homes amantes da terra quixeron sabel-a causa a que obedecera o tere por armas o vaso sagrado, de certo pouco afinaron, que moitos foron os tempos que por riba pasaron e moitos os feitos que na terra sucederon. Pero as xentes dicen de vello, e a tradición ven-o decote decindo, e hasta sei que os pergameos de vello aldraxados e roídos o decian, que aló fai non sei cantos anos, por mōr de certa herexía que viña inzando o chao das concencias da nosa terra, os bispos xuntáronse na corte do noso reino, e pra domeñar aos herexes, isvaindo as cativas ideas que n-eles sementaran, definiuse en certo Concilio o Sacramento da Eucaristía. E como lembranza d'aquel feito, que por moitas razonas foi de abondo sonado, a Iglesia lucense conseguiu non sei que privilexio de tere o dito Sacramento decote mostrado á adoración das xentes; e, pol-o visto, tal se ten por orixe do noso escudo.

No mesmo vello convento xurídico da provincia romana, a que as noxentas loitas políticas reduciron a nosa terra galaica, e na mesma diócesis que, más

gardadora do seu, inda non se desprendeu das feligresías que lle pertenecen nas terras alleas, hai un vello mosteiro, aló no cume d'unha ergueita montaña, berce garimioso de tradicións dos nosos tempos dourados.

Pois ali, de vello as xentes adoran o Santo Milagre do Cebreiro, o cálizo sagro no que á leenda conta que fixo o feito milagreiro de se convertire en sangue puro e bermello o viño que un sacerdote desleigado consagrhou no albexar de certo día...

Algúns dixemos que a tradición do Cebreiro tiña un tirante á leenda do Santo Grial dos séculos medioevas; e inda ousamos decir que sendo camiño da nosa terra o Monsalvat dos poemas do vaso milagreiro, e pousando nos lindeiros do dito camiño tan vello mosteiro e milagre de tanta sona, ven podía sere a montaña do Cebreiro o iñorado Monsalvat.

A condición eucarística do Santo Milagro e dos poemas do Santo Grial, fixonos coidare na relación que poidera tere coas armas da nosa terra; e a xente pensa xa que o Santo Grial do Cebreiro ben pode sere o cáliz sagro que nos lembre o concilio lucense....

Ahi tédel-o cáliz do Cebreiro: outro mais vello non hai en Galicia; é dos anos derradeiros do século doce, e ten pra nos os galegos, moitas lembranzas; outro non debe sere o que figure no escudo da nosa terra.

A. del Castillo.



¡Alma e terra!

I

A ría sorri baixo un sol amigo das nubes. Na outra banda os piñeiro meditan fitando as velas longueiras. Pasa o vento e nas areas, na gandara, nos abeneiros, di o seu segredo dívino. Canta beleza!

II

Qué falta que a miña alma non atopa seu fondo acougo? Penso nos homes que nunca sintiron o estremecimento da vida, inmenso arredor de si, que non sintiron como esta terra é grande e santa.

III

Cando os espíritus tornen a ela, potentes e rejos, tensos e líricos como ja forón, resurdirán á nova vida. O fillo da Terra, Anteo, según a lenda grega, atopaba novas forzas ao contacto da nai, para a loita. Así, ao chegarmos á compaia que nos rodea, nescemos para un novo triunfo.

IV

¡On vós, ques sabedes da "boa nova"! ¡de porta en porta, predicádea! Ide, e, como vós salbades, anunciade que os tempos viñeron, os tempos de crear o mellor, o mais alto!

V

As almas penetradas da beleza da terra, voarán ligeras para un futuro infinito, deixando un ronsel de lúz inmorredora.

Johan VIQUEIROS.

25 de Xulio

As ruis pasiós, os egoismos persoás e todal-as miserias da nosa vida desaparecen n'isto d'a grandioso, cheo de lembranza do pasado.

A el consagramos hoxe todos os nosos fervorosos rezos como bós galegos conscientes da sua única Patria.

Non esquezades, galegos, endexamais que temos unha Patria, e que esta Patria sofre, e que esta Patria chora.

O dia en que chegaremos a calmalo seu sofrimento, ise será o grande dia de Galicia.

¡E ese dia chegará!

Lembrádevos, galegos, da gran Rosalia, Curros, Chandé, Pondal, Añón e tantas outras glorias honra da nosa Terra.

E o millor homenaxe que podedes facer a Galicia.

O bardo Pondal dixo:

¡Os tempos son chegados!

Eu digovos:

¡Falegos traballade! ¡Galegos, loitade!

E. R. SABIO.

Se volverá Santiago...

Tal se van poñendo as cousas que se hoxe o noso Santo Patrón Santiago quixera volver a facer o milagro de vir outra vez á terra para nos librar do xugo extranxeiro, de certo teria que empregalo seu esforzo en favor de esta sua amada Galicia na que quixo tel-a sua sepultura, mais que contra dos alleos, contra de moitos dos seus fillos que negan aos mais que se non prestan a seguilos cegamente, o santo e nobre amor á Patria.

Os que así fan laboran en terreo estéreo, sementando a discordia, dividindo forzas, afogando toda idea xenerosa, impidiendo o rexurdir dos ideáis da raza e o que é mais triste, poñendo no maior dos ridículos a seu país e ás suas cousas; mais qué lles importa? Finxen agarimos que non sientan nas suas almas secas, para ocultalos seus personalismos fins.

Moito se usa e abusa por certas e determinadas xentes do santo nome de Galicia que non pasa en dexamais dos seus labios sin que se adentre nos seus corazóns. Moito tamén se berra—e o que mais berra non proba razón senon que demostra ter sans os pulmóns—contra da escravitude política da nosa terra; mais polas trazas, eses que tanto berran e eses que se chaman a si mesmos, os redentores do país, de poder conseguir o que se proponen serían os maiores grandes dos tiranos, pois a cotío co gallo da libertade, o que se busca é escravizar mais aos pobos.

Neste caso poderíamos decir aquela frase histórica:

¡Oh! libertade, cantos crimes se cometan no teu nome!
Santo Patrón Santiago, míra pobre tua terra e baixa, cal baixaches en Clavixón, para nos librar d'este fato de fillos desleigados, que tanto e tan grave daño causan á nosa bendita e amada Galicia.

Eugenio CARRE ALDAO.

A d i a n t e

Fai xa algún tempo que a actividade nacionalista galega deixou d'estalar en berros e en vibracions fastregantes, e que o movemento galeguista das rúas e dos mitins do agro e das cidades trocouse nunha acción literaria e científica. Cada couxa chega n-o mundo ap seu tempo e moi ben pode sere que ese maino traballar do derradeiro fose perciso para recoller as forzas e para facer un eisame de concencia preparando o porvir co insinuo do pasado e coas necesidades do presente.

O nacionalismo galego conseguiu en pouco tempo remexer hasta o mais fondo da alma galega. Por todalas partes da nosa Terra e ainda chegando aos políticos mais vellos e mais caciques, espallouse a fervenza do ideal e ainda sin querelo, ainda sin sentilo, vense movidos polo vento libertadore que levantou o latexar da concencia galega, que é para eles decote como un meigalio que lles fal seguir ao lonxe a nova lúz.

E indiscutible que o alento directore da Galicia de hoxe é o pensamento nacionalista. Pódese seguir coa mais grande raridade todolos pasos de calquier feito social, ou político, ou literario que se dea hoxe en Galicia ou entre os galegos de Madrid nas Cortes ou fora delas e verase como de cote ten as súas raíces nunha afirmación nacionalista, que levou a dianteira e espertou a inquietude.

Por todo elo o movemento nacionalista coido que non pode deixar por mais tempo de voltar á vida pública das prazas, das rúas e dos mitins do agro. Non abonda para a vitalidade galega que somentes aluméen os refrexos do noso pensamento e unhas arelas esmaiadas. Galicia non pode ter o seu contentamento con unhas cantas argalladas que somellan toda a acción galega e non son más que a codea das aspiracions e dos deseños.

No progreso e no perfeccionamento humán ten a door a mais grande parte, porque a door, no seu mais elevado sinificado espiritual, leva en si un degaro infinito de perfección, é o mais fondo salio en col da afirmación da existencia e do desenvolvo da actividade que topa un valo no seu caminar.

E o nacionalismo galego como un degaro de existencia e

de perfeccionamento das actividades da nosa Terra ten que berrar a todalas horas a door de Galicia e afirmare a sua potencialidade e a súa enerxía encolleita e acochada nas artificalidades e na podreza das organizacions políticas e sociás que as asoballan.

A mocedade quere loita e quere acollerse a unha bandeira que sinifique un despertar e un amanecer. A nosa bandeira ben ergueita e libre ao vento ten que levar aos curazóns mozos un ideal que faga latexar a alma con ledicia coa formanza d'una obra que se comenza e que leva a posibilidade de ser rematada axiña tendo as portas abertas a todolos ventos da Xusticia e da Beleza.

A todolos vellos nacionalistas é perciso decirles que temos a obriga de rexivenecere a nosa actividade e que da nosa capacidade para unha mocedade constante e para un renacemento de todolos días depende o triunfo do noso ideal. Temos que ver o sol decotio no seu nacemento e si o miramos morrer que esto sexa para voltar os ollos ao Nacente.

Antón LOUSADA DIEGUEZ.

Domayo (Moaña) 15-VII-1922.

Día de Galicia

Hoxe, 25 de Xullo, é o dia que primeiramente os galegos das Américas e despóis nós os nacionalistas na segunda Asamblea feita en Santiago demos en chamar "Día de Galicia".

Nas Américas celébranse hoxe varias festas nas que os nosos irmáns desterrados xúntanse para adicar unha lembranza á Patria que lonxana agarda con ansia a sua liberación. Aquí, na Terra, os nacionalistas facemos tamén actos de consagración a este día que cada ano vaise imponendo máis hasta chegar aínda en que non haxa ningún galego que deixe de celebrar.

Dende que comenzou o movemento nacionalista actual, que ya leva seis anos de actuación, para os que nél estamos, para os que sostemos o lume sagro da redención patria, todolos días do ano son Días de Galicia. A ela consagramos os nosos amores, os nosos traballos e as nosas ansias. Por ela inpxémonos voluntariamente o enorme esforzo que supón, do que estamos moi orgullosos e satisfeitos, o amosstrarles aos nosos irmáns de raza o camiño único da redención de Galicia e polo tanto da nosa redención.

E xá se ve que ainda que sexa pasenxadamente fímos con querido o noso desexo, a nosa cobiza, que debía ser tamén a de todolos que tiveron a sorte de nacer no noso chán. Por eso, para nós, os nacionalistas, o día de hoxe é un día como todos. Un Día de Galicia mais. A data da consagración oficial do Día de Galicia que nós, os nacionalistas, levamos interiormente e amosáramos publicamente cos nosos feitos.

Mentras o estado de Galicia non cambie e os galegos non se teñan decañado do que ser galegos significa, nós os nacionalistas, temos que facer neste día actos galeguistas, aparte os que facemos durante o ano, con ouxeto de lembrarles a terra onde nasceron e facer que ainda que non sexa máis que unha vez ao ano acórdense d'ela. Simbolizando a nosa Patria na data de hoxe e traballando a cotío como xá o vimos facendo para despertar as concencias d'este secular sono que non pode continuar mais tempo, chegaremos, dos propios galegos depende que tarde moiou pouco, ao verdadeiro "Día de Galicia", que será o día en que todolos galegos decañados xá do que como tales debemos ser, podímos decir que temos unha Patria grande e libre feita co noso esforzo e co noso traballe.

Victor CASAS.

No día de Galicia do 1922.

¿CÁNTIGAS...?

PARA «A NOSA TERRA»

As cántigas "oficiais"!...
¡Eu nunca soupen facelas!
Sin esquirbir outras copras
Qu'as qu'enxendr'a miña testa;
O qu'o meu curazón siente,
O que me dñe ou m'aquela!
Pro... facer versos adrede,
Buscando sona, ou riqueza...
¡Asomellaria o animeiro,
Cando marcha pol'a Igrexa,
N'aman o peto d'as ánemias
Pra recollé-las cadeiras!...

¡Non podo, meus queridíños!
¡Non podo! (ifora soberbia!)
Is'a miñ'anima tola,
E vos un ánima ceiba!

Di que n'hai mais qu'unha Gloria,
Tras do pecho d'as estrelas;
Onde non baten aprausos,
Nin-as cobizas axéitanse!
Nin son os honores, gozo,
Nin-a envexa v-os enceta.

¡Eu ben lle quero a Galicia!...
¡A miña meiguifía me ga!
¡Quérolle con alma e vida!
Mais non é pra que me deixa!
¡Canto à miña nai lle quixen!...
¡E que lle pedin?... ¡Apertas!
E pra millor loumiñarme,
Ela pillábam'a testa,
E bicábame n'-os ollos,
N'a barbiña: n'as faceiras!
¡Miña alma queridíña!...
¡Canto me tarda de vela!
D'entrar pol'a Gloria adiante,
Unha chave cada estrela.
Tras d'os ciriales acesos

Qu'a miña naicifa alcenda,
Pra ll'amostrar o camiño,
A miña alma, liberta!
... Por qué lle quero a Galicia




Mais qu'à todo ben d-a terra?
¡Mais qu'as nenas d'-os meus ollos?...
¡Eu non sei!... ¡E de nacencia!
Cicais porqu'o noso Ceo
Ten insólitas realezas...
E'-os nosos mares, soberbos,
Tefien impetu e braveza
De bexato mal ferido.
¡Non ll'o digades a náide
(Pra non abaixar querenzas...)

Mais xuro qu'as nosas froles
Gozan outras respendenzas!
¡A feixes se dan os nardos
Como rosas de silveira!
¡Xardís d'as nosas Mariñas,
Caxe estrados con gardenias!
Inzadiños con magnolias!
Mortallados con camelias,
Brancas, roxas, bermelladas...
¡Sen unha tacha s'queria!
O marmurio d'os regatos!
A dozura d'as riveiras!...
Vos cantan quen cantar soupo!
A miña lingua enmudeza
Pra qu'escoiteles á Santa
Das nosas veigas padroessas!
¡Dádem'agora un aprauso
Pra ll'o remitir a ela,
N'unha pregaría envolveito
Qu'alcance de Dió-la vénia!
Os fillíños de Galicia
Morríñosos d'a sua albenda!
Cando estedes morredoiros...
¡Deixád'a terra estranxira;
Vide pedirll'a naicifa,
A moleza d'unha festa
O seu colo: o seu acougo,
As charumas d'as toxerías!
Un campo d'as suas ratolas,
Un leito antr'a suas areas,
Un saloueo d'a sua gaita,
Un fachuco, unha foiepa,
Unha cántiga de Curros,
Un aturuxo... ¡Unha aperta!

Francisca HERRERA GARRIDO.

Oleiros, Santiago, 1922.



* * *

Tempo feliz aquel no que coidando
Que era a Vida unha senda de Ventura,
Volvoreta nun campo de verdura,
Ledo, cara ao Porvir, iba choutaneo.

O mais nobre Ideal sempre buscando
A miña alma, tomada da quentura,
Dos reinos da Quimera á grande altura
coas aás da Ilusión iba voando.

Mais hoxe non, que o irto Desencanto
Mostroume a Vida cal un mar da pranto,
E, falto de Ideal, ando no Mundo.

Desfeito o corazón, as aás rompidas,
Como as almas que penan abatidas
Dous antros de Luzbel no mais profundo.


E. CARRE ALVARELLOS.



Verbas ao Curazón

Tí que cantaches, curazón cansado,
tantas veces en verso castelán,
acorda un soile poema no embruxado
diciar galego, pra gabar teu chan.
¡Curazón!... ¡Curazón!... ¡Vello emigrado
á terra erma, d'un pais extrán!...
¡Curazón!... ¡Curazón desenganado!...
¡Canta hoxe á terra do primeiro pan!
Canta hoxe á Terra onde por vez primeira
te namorache ti da gasalleira
surrisa da rapaza que quixeché.
Canta no doce idioma en que cantaron
os grandes poetas, que por il loitaron:
¡Do tráxico aturuxo, qué fixeche?

Xavier BOVEDA.



O GRAN DIA DE GALICIA

Xa chegaran os días
que os bardos anun-
ciaran

Todolos soños de libertade e rexurdimento que "os bós e xenerosos" manteran decotio nas suas almas, eran xa unha realidade. Galicia acadou a sua esgrevia persoalidade, que a xeneira dos alleos e a ignorancia dalgúis dos seus fillos, lle negaran!

¡Qué ridentes e farturertos aparecen os eidos da patria! Aquel principio que nos comenzos do século XX sostinhan os espíritus superiores, principio social sintetizado nas verbas "a terra libre para o galego libre", fixo o milagre de multiplicar os froitos das colleitas, acúgulando os hórreos e as tullas, tornándose a patria no celeiro da Iberia.

Empregadas as contribucións no melloramento da riqueza pública, Galicia está cuberta de camiños de ferro de todolos sistemas d'estacions d'aterrizaxe para os aviós que cruzan os ares a todolos ventos de quenllas de irrigación que tornaron en milleiraos o que dinantes foran gádaraos. Centros técnicos, adoptados para o insino de labradores e gandeiros, de navegantes e pescadores, d'artistas e artesans das vilas, redimiron da ignorancia e da rutina a nosa baril mocedade. Galicia, nunha verba, é agora unha Béixica con toda a virtuallidade artística e aloumianta da Grecia crásica.

**Das gandras largas
cías as brétemas es-
curas s'alongaran**

¡Qué dia de sol, que morno e limpo ar, que ledicia se refrexa no rostro das xentes neste ventureiro dia 25 de Santiago do ano doux mil!

Os poetas cantan à patria redenta na nobilísima fala vernácula, sin mistura d'accento estranxeiro. As multitudes están iédas porque logran proveito do traballo, porque ningún dispon do sangue dos seus fillos, porque son libres, porque conqueriron unha Patria!

O pobo está de festa. Polas rúas da capital galega, van as multitudes enxebres en ordenada procesión, levando frores para ofrendar no altar da Terra.

Os andis, que noutrora leváran o nome d'un marino nado en Vigo, son agora lugar sagro da terra redenta. Unha trinidade, cinguida pola aureola dos profetas e do xenio da raza, recibe ali as oraciós leigas dos galegos libres. As estatuas de Rosalía de Castro, de Curros e de Pondal, son cubertas por recentes frores que amorosamente son espalladas por unha multitude consciente.

Un hino de triunfo e de gloria—non como o d'outros tempos, de reprimenda e queixa contra dos escuros que non entendian a voz da natureza—, cae de todolos peitos en ondas de fonda e nobre enxebreira.

¡Aquél é o gran dia de Galicia, o dia que os bardos anunciaron!"

Galegos, meus irmáns, ese dia virá. Para o conquerir temos que traballar sin acougo, limpa de xeneiras a alma, facéndonos dinos das xeneracions vindeiras, que loubarán a nosa lembranza.

Os tempos son de sementeira. O froito será, o non dudedes, un presente positivo de libertade e dignificación.

Traballemos, ateigados de fé, polo gran dia de Galicia!

M. LUGRIS FREIRE.

POL-O CAMIÑO

Do mesmo xeito que nos agros, baixo a aición aloumianta do sol, van surtindo na vida colectiva da Galicia as brillantes frores da conciencia nacionalista. Doadó se fai xa a coidarnosa que, agás quem degara nas acacias de persoas provéritos a tirar na farandula pseudo democrática centralista e entalados teñen os síntidos da alma, no pensamento de todos mantense a xurdida convicción de que o trunfo s'impoñerá, de que o froito s'avincía, e de que compre o asenlla-as fouces con qué terá de s'arrecadar, quizais mais cedo que coidarnos, quizais a carreira, coma quem vai salvado da fangosidá d'un trebón...

Porqué o trebón terá de vir, e non compraría, certamente, que desasidados nos pillasen. En 1808 desasidados estiveron nosos abós; mais e o trebón vir mañán, quizás os netos non ousaran o lle dar orde a o Blake para trapol-a fronteira. Porqué d'aquela, ainda que elevada por uns cantos séculos de absolutismo, ficaba na conciencia popular a lembranza de térmido a monarquia o seu que poi os casamentos levara reinos e principados coma dote para os declarar xunguidos só porque os príncipes se xungui-ron, e coidaban que latexaban ainda os testamentarios da raíña que prohibiu o uso oficial das falas nacionais impondo o castelán, e non sobrevieran ainda os Anuás en qué rematou a fachenda londa do sol que se non puña nos dominios da Castela.

Mais ise engado que engaiolou as nacionalidades ibéricas, esvaluse, o mito xaz no orco, e o valeiro do réxime de fección democrática centralista, que veu sustituido o réxime de fección tismo de Austria e Borbón, axéitase só para o zugue da seiva vital dos pobos, e somella un vello arecz sin fondo, pendurado no ar, onde as enerxias que n'il converxen van se trocar en sustancia que en tola francachela e esmorga perenne, zugen os seus custodios, os mil e un oligarcas caciques, subvertidores do direito cidadán.

Canto é ficticio tén de deixar paso franco á verdade; e a verdade imporse cō trunfo do outro ideial de redención e de verdadeira libertade, porqué verdadeira libertade a non hai onde os pobos fican sen poderen en de por si cumplir a sua providencial misión de cultura e de progreso.

Nós imos a pós do noso ideial. Asenllémolo; e que cada galego se dé conta do seu deber de cidadán para raelo que comprar; e así, se o trebón viñer, non nos pille unha vez más desasidados.

Manoel BANET E FONTENLA.

No noso día

Todolos movementos de trascendencia da Humanidade debén ás convulsións ideás a sua natural existencia.

Sin o frouxer dos valores morales e espirituás, ningún dos probremas que hoxe aquela tén pranteados, e principalmente o social, poden resolverse—así o afirma o máis capacitado dos actuás políticos hespánicos, Cambó.

Afortunadamente, estamos asistindo ao acontecemento de maior importancia para a restauración da Península que nos tocou en sorte. Refrome á corrente de intelixencia entre os dous pobos que ne'a viven, intelixencia que me fai pensar que por tal camiño chegaremos a renacer, volvendo á trunfar no mundo.

Nesa obra, que será a maior grandeza do noso dia, Cataluña e Galicia van diante, levando a parte máis nobre e a bandeira do sector hespánico.

A NOSA TERRA corresponde a gloria de ser expresión d'iste movemento.

Portugal e Hespanha son dous pobos que a natureza quixo "un", e inda que foi consumado o críme da división do corpo, a alma é inalterable, con manifestos deseños de reconstruir o "Pazo da Famiña."

Francisco VAZQUEZ ENRIQUEZ.

Lea vostede o próximo número de
A NOSA TERRA

15 DE XULIO DE 1885

Nese día, que é unha das mais tristes efemérides da historia contemporánea da nosa meiga terra, morreu en Padrón aquela santa e bendita muller chamada Rosalía Castro, o mais exgrevio poeta da nosa renascencia literaria.

Van xa pasados trinta e sete anos desde que calou para sempre o rusñol de Galicia, e cada vez é mais vivo o recordo da ilustre morta; por iso o tempo no seu andar, ao contrario do que para con outros, fai que os mé-



ritos de tan insigne galega, orgullo da raza e do seu sexo, bri- len e se axiganten mais e mais.

A NOSA TERRA, ao adicarlle esta lembranza, prega a todolos galegos bós e xenerosos que poñan sempre a Santa Rosalía no sagrario dos seus peitos como o símbolo mais grorio- so dos grandes fillos que a nosa Galicia tivo, e cuyos imparolabres merescimien- tos, orgullo son da Patria, endexamais poderán ser lixados por ninguen.

IDIOMA E PATRIOTISMO

O patriotismo é un dos nosos sentimientos mais complexos. Entran na sua composición moi distintos e de semellantes elementos. E o primeiro e fundamental o "Amor á TERRA" onde tén sido nado, ao corruncho da cibdade, vila ou aldea, onde os nosos ollos viron a luz primeira e a nosa alma a primeira emoción, o niño quente e agarimoso onde recibeu o primeiro bico e o pequeno circulo onde foi desenvolvida a nosa risueza e afiadúronse os primeiros quereres, abriuse o espíritu ás impresións primeiras e gardou a memoria das lembranzas da vida.

Raiz de patriotismo é iste amor ao chao natal, de culas entranas sae, como xérnolo de embrión vegetal, canoto inicial da pranta que logo será arbusto para convertirse en arbore corpoento e umbroso, símbolo perfecto da prolección e trascendencia familiar xerme de toda organización política.

E así medra o patriotismo, como a pranta, como o arbusto, como a arbore, conservando decote a suas raíces acubilladas no corazón da terra-nai, manténdose da sua seiva e fortificándose coa calor do seu seo. Mais este sentimento, fundación da sociabilidade e da civilidade non trascende da arbore, non vai más aló do organismo autónomo, por robusto, frondoso, centenario, secular e prodixiosamente corpóreo que sexa. Non vai da arbore ao bosco, como non vai da terra natal ás outras terras que, xuntas integran o bosco social, dotado d'unha organización política que chaman Estado.

E a manifestación solemne, crámorosa e xocunda d'iste sentimento do patriotismo, é a lingua, o idioma natal, a música articulada que fixo vibrar por vez primeira o noso timpano e poboou de indelebles melodías a nosa alma de neno cautivada, enmeigada a perpetuidade polo sortilexio do ritmo,

que no medio do desorden da natureza xurde prepotente, impondo, onde queira que se manifesta, sen gran principio de regularidade, a eterna lei da unión entre o home e a Terra en que foi nado.

Si a Terra é a raiz, o idioma son as fróres do patriotismo.

J. GARCIA ACUÑA.
(Calcás)

O ano 808 descubriuse no Burgo dos tamariscos o corpo do Apóstolo Santiago que, discípulos piadosos, trouxeran a soterrar á Galicia, a Galicia que él tanto amara, que él evanxeillizara, e na que desexaba dormil-o sono eterno.

Galicia xa denantes d'esto mostráralle grande afición de o condicille igrexias con fervor e invocando o seu nome nas batallas c'os infieles que, ao grito de "Santiago e Galicia", eran desfetas.

Pero nosos abós tiñan fé, e como a fé fai milagres, o vil mahometá ende xamais pudo asental-a pranta na terra que cubizaba en van.

Hoxe Galicia non ten árabes conquistadores que temer, e o nome do noso Santo Patrono xa non se invoca; pero, con todo, e ánxe das negras ás voa rondando sobre das nosas cabezas e ameázanos un porvir preñado de negruras e dóres.

Ténamos, pois, fe coma os nosos antepasados, e co esfuerzo n'ellos obra de amor á Patria hasta erguela ao máis alto grado de felicidade que poidamos, e lembrémonos con fachenda do espíritu que animaba os bós e xenerosos

Florencio VAAMONDE.

Cataluña-Galicia

Pidamos paz espiritual

O fondonísmo malestar da alma catalá tiña de sair do silencio en que o afogaba o sentido político dos homes da "Lliga". Hasta fai algún tempo os nacionalistas cataláns coidaron o ilustre Cambó que Madrid, a España centralista, chegaría a convencerse da boa lei d'un pobo arelante do sonho da súa vida, en forza de se ver servida por él. Ningún pode crer que outro lle teña xenreira, si se contempla meirvado nas súas cousas sin interés e con moito bon afér de lle salvá-las súas comenencies. Pero esto era o lóxico, e quen ten odio non fai siloxísmos cordiaes. Madrid, chamou dobréz ao que sómente era cobiza de mixela colaboración, probanza de compatibilidade patriótica. Os cataláns comprenderon así, e doídos, mancados na sua nobreza, viron, sin querel-o eles mesmos, que todolos seus esforzos de amistade se trocaban en leña arrimada á fogueira da indinación que causa na boa fe a hiria dos que se imaxinan superiores. E Cataluña enguéuse e dixo aos seus homes: non máis contempnacions nin máis transixencias.

Velahi a historia do actual levante dos espíritos de Cataluña. Non houbo diverxencias debilitantes. Orgaismo democrático a suprema dirección do nacionalismo catalán, recolléus latexos da alma do pobo, e si enantes aconsellou a pacencia colaborante, hoxe define e más encamínha a inquietus ambiente, salvándoa dos perigos certos e graves de unha desconsoladora orientación bélica.

Tal é a verdade núa do que pasa en Cataluña. Un pobo traballador, nobre, que cultiva a sua historia como quen cura do seu curazón, que pide o seu, e un dia e outro se atopa alastrada porque non posee alma de coloña, espírito de terra de "protectorado", fina de virarse canso, con lardo desalentio de quen está cheo de que non-o queiran, de que non-o amen, e de que nin quiera admitan o seu amor.

Madrid, o Estado hespán, ou mellor dito, a Castela gobernante, hipertrofizada no Estado hespán, a nación dos conquerimentos e das terras colonizadas, non pode esquenecer os seus costumes, e rapada, ferida de morte, no seu papel de gobernante, pola perda violenta da terra e da alma dos pobos conquerdos, agora que non ten que facer além o mar, descubrío a sua verdade e mostra o seu criterio de que as terras da periferia ibérica non son outra cousa que colonias do Centro, de Madrid, da Castela gobernante.

Castela, hipertrofizada no Estado hespán, non ten tido dous de asimilación máis que para os homes aventureiros, nádos de todolos pobos de Iberia; pero para a alma dos portos, non. Ten fumes de gran señora e hasta os casteláns que venen por ahí abaxo, vénen decíndonos cos ademáns, coa mirada, cos feitos, que son seres superiores aos que teñen o espírito desabido dos horizontes craros que abre o mar, camiño da civilización, máis, pero moi máis, que as terras pedregosas e os montes bravos.

Cataluña, pobo de limpa historia crarísima, que é como a ponla máis forte da roseira ibérica, na que abre a frío magnífica da urbe barcelonesa, toda resendo alquitarado da súa ilustre de unha nacionalidade ennobrecida cun perenne amore á libertade. Cataluña ten para nós, os galegos, unha exemplaridade que non debemos esquecer, si somos legados coa nosa patria: a exemplaridade do propósito firme de sere.

Na flection do unitarismo hespán, tecido coas mesmas eurdas roubadas do corazón dos pobos ibéricos, sómente coñen o silencio e a brandura da vontade. Pero, hai que separar e contalos fiós de aquel tecido, para saber e decir os que nos pertenén, os que son febras da nosa mesma alma e teñen unha cor diferente. Hai que dar tiróns, inda que nos dijan, porque ao tirarmos da tea que encubre a verdade histórica, a realidade biolóxica, temos que romper incusive, dán-

doo por ben perdido, algún dos fiós que unha man tiránica nos arrebatou, para tecer, como quen tece un tapiz ao gusto do mercader, a mentira que nos nega e nos abafa e nos funde.

Cataluña e Galicia están vivindo doux momentos gravísimos da sua historia. Cataluña dixo polos seus actos solemnismos de primeiros de este mes de Santiago: non máis colaboracións coa Hespaña oficial, naméntras non se poña man no meu problema. Galicia vai decir por boca das suas sociedades agrarias axuntadas en Tuy: nin caciquismo, nin rentistas.

Galicia, ao renegar do caciquismo, fai fe de anticentralista e chega á conclusión da autonomía integral; ao non querer rentistas prantea unha cuestión da sua bioloxía, que ten sido, é e máis será, mentres se non resolva, o punto de arranque de toda a inquietude de Galicia, de todo o perigo que a Hespaña oficial vai ter na vida do pobo galego.

Dous nacionalidades ibéricas, pois, ateigadas de amor á sua vida, unha, urbana, de grandes ciudades, de traballo industrial, e outra, campesina, agraria, os dous pobos da vida ibérica, pero coincidentes como si as suas arelas fixesen un arco sobre Castela, están falando ao Madrid vello dos políticos, desmedrada caricatura da Roma que vivía do zume dos pobos conquerdos.

Nós, sempre cheos de boa lei na concepción dos nosos problemas, coa espritealidade de Galicia na nosa alma, decoteobizos de amarmos e de sermos amados, facemos os votos máis do corazón, porque sexa escocidas estas voces que demandan xusticia. Temos, como unha espiña, cravada na alma, o convencemento de que nin Cataluña nin Galicia deben sofrir máis; e lóxicos con este sentido das cousas, cobizamos que se non nos roube a paz espiritual aos que nos honramos en chamarnos hespánios, porque si co noso corazón amamos por enriba de todolos cousas á patria natural que Deus nos deu, co entendemento vemos e admitemos, como ouxeto díño do noso amor, a patria política que se nos ofrece na xuntanza do Estado hespán, sempre que sexa como diga a nosa vontade libérrima, e non por unha forza que nos froque en riscos que matan un xato e son "leales" ao "protectorado".

Antonio VALCARCEL.

Hoxe é o Día de Galicia

Para nós sónno todolos da propia vida, porque a nosa vida forma parte da vida da Terra, xa que o noso traballo nela ten que se desenvolvere, e froitificará nela, e ela engrandecease a paso que a nosa cultura, a nosa arte, a nosa riqueza agrícola e industrial vaian medrando.

Mais non todolos galegos pensan ainda coma nós. Moltos agardan obter unha mais grande e próxima sona e un proxecto maior asenllando un currunchiño entre as celebridades hespánolas (castelás, diríamos mellor) e así, todo o esforzo que encamiñando ao fin que nós levamos podería adiantar a data de trunfo, perdese en isoladas tentativas individuais senventaxa para ninguén.

Cavilando no engaño homes cuja vida é absolutamente estéril case sempre, e sempre menos grande e froitifera, festexamos o "Día de Galicia" para que, siquera unha vez, poñan o seu pensamento na Terra nai á que se deben, e atendendo ao noso rogo, unha vez tamén polo menos, usen a talia que é alma da raza, o noso propio espírito.

Quizais d'ista maneira esperte no seu cerebro a consciencia da persoalidade e, decatándose do camiño que convén seguir no seu paso polo mundo, enmenden o rumbo no senso gaélico.

Por iso rogamos a todos que, hoxe polo menos, poñan o seu pensamento en Galicia, falen a propria fala, recen os versos dos nosos grandes poetas.

Hoxe qué é o día de Galicia!

A terra nai

Terra nosa,
que os nosos mestres calmas,
y-as nosas angurias sanas,
y-as nosas angurrias sanas,
e acarifias
e hasta chamas
ás que che fuxen
e te magoan e mancan!...
Terra Nai! De canto vive
no mundo tí érel-a yalma,
y-érel-o calor que quentia,
y-érel-a fe que dá espranza,
y-érel-o alento que anima,
y-érel-a forza que manda...
No teu seo
Non sei que segredos andan,
nun sei que misterios dormen,

nin sei que poderes campan,
Si a primaveira te bica
c'unha amofosa bicada
tal se estremecen
as tuas entrañas,
tal te esprinfollas
coas tuas millores galas,
que cóbrel-os campos todos
cos coores que más engadan,
e fas froitecel-os eidos
co morno quentor que gardas,
e ó chegal-o vran recréyaste
na fartura das anadas
que acugulan cabaceiros
y-enchen tullas e solainas;
e no Outono
pós en sazón a abundancia,
coma unha nobre matrona

que os seus trebellos amaña,
pra durmirse
sosegada
na Invernía
co sono da paz y-a calma,
mentres o seu novo parto
se propara.
Nai garrida,
que cando te fren sangras,
en cando te esquecen choras,
e cando te luxurian cales,
lédixanos que te biquemos
como se bican as almas
que caminan pr'o infinito
n'unha infinita xuntanza!...

Eladio RODRIGUEZ GONZALEZ.

¿Será....?

Depenando fellas do meu calendario, paso un dia, e outro, e moitos... até a data do 25 de Xullo en que se celebra o "Dia de Galicia".

Esto repítense unha vez, duas, varias xeiras e vexo que ainda siguen ademinxistrando as nosas cousas e os nosos carmos, xentes estranxeiras; que dan ensinio aos nosos irmáns e aos nosos fillos, mestres alleos, falándolles n'unha fala exótica que os nosos non entenden ben; outros ainda que nados e criados en Galicia, acatan as leises centrás que esmagullan a personalidades da nación galega; costumes e fala...; quen quiera acreditar os conocimentos superiores nas ramas do saber, e perciso o marchamo de Madrid; para conquerir unha melliza no urxente desenrolo de unha cidade, ou d'unha vila, o necesario o permiso de Madrid; os portes, comun'cacionis por terra..., todo, todo goberna Madrid. En Madrid saben-o todo e de todo entenden; así se ven os adiantos nas terras agrícolas ao goberno do centro; así somos a risada de Europa, e a curiosidade da América.

Hoxe, non é ainda o dia de Galicia.

O meu dia de Galicia, será cando a nosa Terra galega, sexa gobernada polos seus fillos limpos de lixáduras: o meu dia de Galicia será o futuro da revolta; o dia "Grande", será cando se faga a recolleita do sentimento de sacrificio, en que os homes se convirtan: de pai, en patriota; de veciños, en irmáns. Amor.

Até o d'agora, o dia de Galicia, sómente son os ensaios da gran obra tráctica representable, que rematará nun idilio de amor.

Ao caer o pano comenzará o dia de Galicia.

B. VARELA DO CAMPO.

Xullo 1922.

Follas do meu diario

Ben quixera que o meu diario tivera esta follia en branco. Porque non podendo cubril-a d'expresións de ledicia, doeme tel-a que encher de maldicións.

Non abondou a Mística disertación de Risco; non abondan os nosos continuados traballos, nin abonda tampouco que fagamos de lútigo e de espora.

Moitos galegos, a maoria dos galegos, morren aprastajos feito os tomos d'unha mentida historia d'unha Hespaña.

Moi poucos comprenden o dia de Galicia. Para moitos é pecado de lesu hespañolismo, o celebrar o dia da Patria.

Eu quixera que a nosa festa fora causa na Galicia d'unha forte manifestación de galeuidade.

A nosa probeza material impidéndonos celebral-a como debéramos.

E ninguén axúdanos.

Otra cousa sería si inventáramos unha festa da raza, nova mentira con que sostér a vella da patria hespañola.

Mainos tamén, que non queren entender.

Dende unha cibdade galega telegrafou o corresponsal d'un xornal gallego, decindo que un coro galego que leva nome galego, celebra o dia de hoxe unha velada para solemnizar a festividá... del Patrón de España.

O corresponsal non quer entender.

Eu non podo creer que o coro faga tal enormidade porque conozco a quen o preside.

Ben quixera que o meu diario tivera esta follia en branco.

J. ABELAIRA.

No día de Galicia

Hoxe é o día de Galicia, é o día que adicamos para orar diante do altar sacro da Patria, os que cobizamos grandeza e liberdade para a nosa Terra, é o momento de misticismo das almas que loitando viven, e dos corazóns que vivendo nun mundo de cobardes palpitacións, latexan fortemente na paz espiritual do noso pobre peito.

Neste dia de paz dos corpos e festa do espírito, nestes instantes en que a concencia nacionalista ha de mostrar aos desleigados a pureza e potencia da sua esencia ideolóxica, nestes momentos en que os nacionais temos de cantar a grandeza do pasado cheio de gloria e a aurora do porvir cuberto de alurizanzas patrióticas, queremos lembrarnos dos nacionais que viven no desterro, dos escravos da emigración, que loitan en Cuba, por facer exxerguer aos galegos desterrados, o deber que teñen, de loitar polo sacro ideal nacionalista, queremos que estas lñas sirvan de alento aos barcos patriotas da "Xuntanza Nacionalista Galega da Habana", e lles den azos para continual-a obra comenzada.

É necesario rectificar o conceito histórico que tiñamos dos emigrados e reconocerles o dereito a ter concencia nacional e amor á Patria en que foron nados, sentimentos de novecentismo creador de unha nova alma e desexo de se incorporar a reconquista dos valores autóctonos da RAZA, perdidos polos vencellos adequiridos con outra, indigna de se pôr á veira, dos que temos marcado no noso peito, un pasado cheo de leita e de fróres recedentes cujo azume vive no noso corazón, para fortalecelo para a loita que se avecina. E, pois, preceiso neste dia de mística pregaria, confessar este erro ante o altar sacro da Patria, alumeadoo co fogo vivificador da nosa espiritualidade, e animar aos nacionais do desterro (aos que rouban o tempo que necesitan para o seu descanso e ademáis a traballar polo engrandecimento e liberación da Patria aprisionada) para que sigan a cruzada comenzada, na franca seguridade, de que a "Irmandade da Fala" na Cruña (representante verdadeira das ansias de liberación nacional), verá con fondo agarimo o seu traballo, e daralles cantas facilidades feña ao seu alcance, para que poidan conqueral-o éxito que eles desexan e á Patria agarda.

Recibide, pois, irmáns no desterro, a promesa feita neste solemne día, en que todos xuntos por vencellos indestrutíbres, renovamos o xuramento de loita até a liberación da Patria galega, e tende a más completa seguridade, de que o noso pensamento está convexo, a pesar da distancia que nos separa, e que non é distancia, cando os que estamos separados polo Atlántico, xuntámonos en troques ao través da ponte feita coa nosa espiritualidade, que vivrá eternamente en nós, naméntrias teñan un filo de vida, os corpos que teñen sido ofendidos, en defensa do mais sacro dos deberes, cal é, o amor á terra en que foron nados e o desexo de unha pronta independización política, da Terra que na historia, foi berce de nobres loitadores e no futuro será exemplo de vida nova, capaz de facernos cumplir o deber que como galegos temos e de demostrar ao mundo civilizado, a vitalidade e pureza da pobre RAZA de Breogán.

Irmáns en Cuba, sé no porvir e ánimo para a loita, os vosos feitos serán grabados con cincel de lume-e letras d'ouro, nas páxinas gloriosas da historia e servirán de exemplo aos vosos fillos, marcándolle ao mesmo tempo, o camiño a seguir na vida e os deberes a cumprir coa Patria Libre, que como herbo grorioso, deixáronlle os seus precursores! ¡Irmáns no desterro!!: ¡Terra a Nosa!

Tomás RODRIGUEZ SABIO.

No próximo número seguiremos pubricando
as conferencias do noso querido irmán o
malogrado Luís Porteiro Garea

No día de Galicia

Pensemos no ben da terra

Fora das nosas fronteiras, para aló de Ribadeo e Valdeorras, emprégase de cote a verba "gallego", nome d'unha raza de homes traballadores e homildes, como un alcume, como ago noxento, despreciable e aldraxante.

E quens de tal xeito nos deshonran ante o mundo que foi adoptando coma verba de aldraxe o nome de "gallego", son os nosos irmáns das outras rexións hispánicas.

Pero mais triste, mais desesperante para nós, é que os mesmo gallegos parez que lle dan a razón a os que nos rebaixan e no aldraxan, porque tendo unha fala propia, que usaron reis e usan ainda poetas; tendo unhas costumes típicas; un arte noso; música, bailes, festas que nada teñen que envexar ás de todalas outras rexións hispánicas, renegan d'ellas e adoptan de bon grado as que nos van imponiendo os mesmos que nos desprecian e nos escarnecen.

Hai nonstante en Galicia certa veneración para os poetas da raza; erguense moimentos a Rosalía, Curros, Lamas; pécianse agarimosamente no corazón os seus versos; mais ninguén se decata de que a mellor, a única maneira de honralos, é afincando en nós os sentimentos que foron inspiración sua; o amor á Terra e á sua redención.

Anemos por riba de todo á nosa Terra; ponámos cada un da nosa parte un anaco de voluntá para redimila erguéndoa pra elevarla sobre todolos pobos que hoxe consideránnos cativos e ruis; que teñen razón para o creer así, xa que sendo Galicia unha rexión rica polas minas que encerra e pola fertiliad do seu chan, carecemos de camiños de ferro que é o mais importante para a esprotación e arqueamento dos produtos que dona cada comarca; teñense desleixados os xacementos mineiros, esportándose só algún mineral de ferro en bruto, e a preguiza, nada mais que a maldita preguiza, é o que impiediu ata o d'agora que uns cantos homes uniranse para construir os altos fornos que transformen en lingotes, en máquinas, en diñeiro, toda esa terra roxiza que pouco a pouco vanse levando os estranos para faceren o que os nosos non queren facer.

Tempo é d'abrir os ollos á realidade da nosa vida, de nos convencer que a voluntá é o único que nos falta, o único que precisámos poñer en movemento.

Mais a voluntá vai á par da consciencia do seu, e por eso nós ror somos ninguén; nós non somos ninguén, porque temos esquecida a nosa persoalidade; porque somos bonecos sen alma, movidos polos fillos do centralismo; pero se a consciencia da raza esperta en nós, se as nosas ideas, os nosos sentimentos maniféstanse en "gallego", e como os gallegos antes que nada poñemos o pensamento nun común interés, no interés de Galicia, a voluntá rexurdirá en todos, e sentindónos verdadeiros homes abrangueremos co noso traballo unha época de engrandecimento e fartura de potencialidade económica que fará de nós, os homildes, escarnecidios e aldraxados, os poderentes e altivos, á quens por forza, senón de grado, terán que respetar.

Pidovos, pois, gallegos, amor á nosa Fala, aos nosos costumes; e que vexades sempre á Galicia coma un pobo escravizado e aldraxado, polo que todos os seus fillos, temos que loitar arreo hasta darralle a liberdade.

Leandro CARRE.

Como morren os irlandeses

Os dous irlandeses que mataron ao mariscal Wilson foron condenados a morte. Un d'elos ao saber a sentenza, dixo o seguinte:

Todo o que fixen foi para servir a Irlanda e estou moi satisfeito d'elo. Podedes destruir o meu corpo, mas nunca conseguiredes matar a miña alma.

RIALED A

Restaurant no Pasaxe

A Cruña

Fábrica de Xergóns
e catres metálicos

ORZAN, 70

(Frente do Pórtico de San Andrés)

ZINCKE HERMANOS
LIBRERÍA — PAPELERÍA

IMPRENTA

Cantón Grande, 21—Estrella, 37

— A CRUNA —

Novos Almacenes Coruñeses

Tecidos nacionás e estranxeiros
Vendas por maior e menor

Fonte de San Andrés, 18, 20 e 22

A Cruña

BOLSA do TRABALLO INTERNACIONAL

FEDERACION dos EMIGRANTES HESPAÑOLES
ASOCIACION de BENEFICENCIA

Enrique Iglesias Corral Barrio

SUBDELEGADO GENERAL NA REGIÓN NOROESTE DE HESPAÑA

A Cruña, León, Ourense, Oviedo e Ponteveda
A CRUNA

Xosé Patiño

Bordados Artísticos
Xogos de cama Confeccíons
Equipos para noivas

San Felio, 20-Apartado, 37

Palma de Mallorca

Paulino Freire

BOUZAS - VIGO

Sucursaes: en Cruña - Ferrol

Redes d'algodón para tarrafa
Aparellos, armados e en panos, para
barcos pesqueiros
Malletas de abacá e cáñamo alquitrana-
do—Cables de aceiro, ingleses
Aceites minerás e vexetaes, e surtido
compreto para maquinaria e pesca

= Santa Lucía, 26 e 28 - A CRUNA =

EFFECTOS NAVALES

— DE —

Ferrer e Compañía-Sucesores

F. BERTRAN E MIRAMBELL

Vigo e a Cruña

Casa fundada en 1868

Artigos xeneras para equipo da Mariña Militar, vapores, barcos de vela e pescadores.

"Patente-Salvavidas"

O mellor para pintar os fondos dos barcos. Ganou Dipomia de Honor, Gran premio e medalla de ouro nas Exposiciós de París-Londres.

REPRESENTANTE

F. Bertran e Mriambell

VIGO-CRUNA

FARMACIA EUROPEA

— DE —

Lopez Abente

— REAL, 55 —

A mellor surtida da Cruña e un dos establecimentos da sua eras que mais honran a Galicia. Montada con arrebro aos derradeiros adiantos.

Alfredo Lastres Canosa

"La Encajera Española"

Fábrica de encaixes de fío
Tecidos a man. Especialidadeen
aplicaciós

Exportación Ibero-Americana

Almagro (Ciudad Real)

Viuda de H. Hervada

Casa fundada en 1865

A CRUNA

FERRETERÍA, QUINCALLA, MUEBLES,
MAQUINARIA AGRÍCOLA, PEDRAS
FRANCESAS PRA MUIÑOS, ETC., ETC.

Grandes Almacés de Tecidos

NUEVO MUNDO

SECCIÓN DE SASTRERÍA E CONFECCIÓN

Inmenso surtido en Panos da Rexion e Estranxeiro. Confecciónanse toda crás prendas para mulleres, homes e nenos

SAN ANDRÉS, 41 e 43—Teléfono 256

A CRUNA

Sobrinos de José Pastor BANQUEIROS

Casa fundada en 1776

A Cruña e Vigo

"LA SANTIAGUESA"

Gran Hospedaxe de GUZMAN
Orzán, 70 - Teléfono, 290 - A CRUÑA

Casa situada no mais céntrico da poboación con habitacions independentes. Preto das administracions dos coches ao ferrocarril e a Santiago

PRECIOS ECONOMICOS

NOVELTY

Planchadeiro de moda - Grandes talleres

DE LAVADO E PRANCHADO DE ROUPA NOVA E DE USO

*Despachos centrás: A CRUÑA, Cantón Pequeno 12
 VIGO, Praza da Constitución, 12*

*Sucursás na Cruña: Estreita de San Andrés, 12
 Praza de Azcárraga, 4-San Agustín, 22
 Sucursal en Vigo: Circo núm. 5*

Todal-as nosas sucursás ostentan un letreiro como siñal, que, reproducen a marca de garantía xa conocida.

Recibense encárregos de fora, e-espídense por meio das nosas sucursás. Si no lugar onde vostede reside non-a hai, sírvase manifestarnos seus desexos de mandár os seus encárregos.

CERVANTES

Librería, Papelería e Imprenta

TELEFONO, 456

Rua Real, 49

A CRUÑA

Os viños e coñás millores

os que exporta a casa PEDRO DOMEQ de **Xerez da Fronteira**, fundada en 1734. A casa más antiga de Xerez.

O vermouth máis selecto

de mundial e reconocida sona é o **Cinzano** (Torino).

Para viños de mesa

non hai outros comós dos cosecheiros exportadores señores

R. López de Heredia (Haro)

Casa Central: PLAZA DA EQUITATIVA-MADRID

Representante exclusivo (matriculado) de todas estas marcas:

JOSÉ C. JUNCOSA

Galera 39 e 41 - 2.º piso-A Cruña

Banco Español del Río de la Plata

Sucursal na Cruña - Casa matriz: BÓS AIRES

FUNDADO EN 1886

Capital. . Pesos 100.000.000'00 m/ ou sexa Ptas. ouro 220.000.000'00

Fondo de reserva (interés prima a recibir) Pesos 50.055.224'97 m/ ou sexa Ptas. ouro 110.121.797'93

Ten sucursaes nos puntos seguintes:

REPÚBLICA ARXENTINÀ: (Casa matriz, Bos Aires), ROSARIO DE SANTÉ FÉ, BAHÍA BLANCA
 e principales prazas da Repúbrica

NO URUGUAY: MONTEVIDEO — NO BRASIL: RIO XANEIRO

EN EUROPA: MADRID, BARCELONA, VALENCIA, VIGO, BILBAO, A CRUÑA, SEVILLA, PARÍS, LONDRES, XÉNOVA E HAMBURGO

A Sucursal da Cruña encárgase de efectuar por conta dos seus clientes toda crás de operacions bancarias nas condicíos más favorabeis e acretará intreses nas contas correntes, tanto en pesetas como en moedas estranxeiras a tipos excepcionalmente ventaxosos

En conta corrente, intrés anual	2	por	100
En Caixa de Aforros, con libreta hasta 1.000 ptas.,	3	"	"
En prazo fixo de tres meses	3	"	"
Idem id. 6 meses	3 1/2	"	"
Idem id. un ano.	4	"	"
A más prazo			convencional

Dirección telegráfica y telefónica: SPAINBANK.

COMPAGNIE GENERALE TRASATLANTIQUE

Vapores Correos de gran velocidad — Servicios direitos dende o porto da Cruña

Próximas saídas DIRECTAMENTE da Cruña

Vapor Flandre 23 de Julio

PRECIOS EN CÁMARA

	Ptas.	HABANA	VERACRUZ
Primeira crase (varias categorías)	1.350 a 3.600	1.475 a 3.900	
Segunda crase	» 1.109	1.200	
Preferencia	» 950	1.000	
TERCEIRA CRAS.	» 559	600	

A estos precios hai que añadir os impostos

Os pasaxeiros terán de presentarse n'esta Axencia cinco días antes da saída.—Admiten carga.
Para toda crás de informes dirixirse ao seu consignatario:

D. NICANDRO FARÍÑA, Rua de Compostela, esquina a Praza de Lugo-A CRUÑA

Lloyd Real Holandés

KONINKLIJKE HOLLANDSCHE LLOYD

AMSTERDAM

SERVICIO POSTAL RÁPIDO A AMÉRICA DO SUR

Próximas saídas da CRUÑA para Pernambuco, Bahía, Río Xaneiro, Santos Montevideo e Bos Aires,

Vapor correo rápido **ORANIA 29 de Julio**

Admiten carga e pasaxeiros de Primeira, Segunda, Intermedia e Terceira crase.

Precio do pasaxe en 3.^a cras, **Ptas. 350** más impostos.

NENOS, menores de 2 anos, gratis; de 2 a 5 anos, cuarto pasaxe; de 5 a 10, medio pasaxe; de 10 anos, pasaxe enteiro.
PARA PRECIOS DE CÁMARA e carga dirixirse o Agente General da Compañía en España:

D. Raimundo Molina e Couceiro,-Consignatario - Marina, 22—A CRUÑA

BANCO HISPANO-AMERICANO

M A D R I D

Capital: 100 millós de ptas.

Dirección telegráfica: HISPAMER

SUCURSAES E AXENCIAS

Albacete, Alcoy, Alicante, Antequera, Badajoz, Barcelona, Bilbao, Cádiz, Calatayud, Cartagena, Cruña, Cabra, Cáceres, Castellón, Ejea de los Caballeros, Figueras, Granada, Gerona, Huelva, Huesca, Játiva, Jaén, Jerez de la Frontera, Logroño, Las Palmas, Lérida, Lorca, Málaga, Murcia, Olot, Palma de Mallorca, Pamplona, Ronda, Sevilla, Soria, Tanesa, Tudela, Valdepeñas, Valencia, Valladolid, Villafranca del Panadés e Zaragoza

Compra e venda de valores hespánoes e extranxeiros. — Custodia de alhaxas e valores. — Desconto e cobro de cupós, títulos amortizados e billetes de Lotería.

Troque, compra e venda de billetes e moedas extranxeiras. — Cartas de creto, e xiro sobre todolos países. — Cobro e desconto de letras. — Préstamos e contas de creto sobre valores nacionaes e estranxeiros. — Contas correntes en pesetas nas que abona intereses aos tipos seguintes;

2	por	100	ao ano	nas cartas disponibles,	à vista.
2 1/2	por	100	id.	id.	a 3 meses data.
2 3/4	por	100	id.	id.	a 6 id.
3	por	100	id.	id.	a 1 id.

Tamén abre contas en moeda extranxeira abonando intereses a tipos convencionaes.

COMPAÑÍA CHARGEURS REUNIS

E

COMPAGNIE DE NAVIGATION SUD-ATLANTIQUE

Líña Brasil-Plata

Para os portos do Brasil, Montevideo e Bós Aires, sairán do porto da Cruña os maníacos vapores rápidos a duas hélices e de 12.000 toneladas,

DATA	VAPOR	Prezo en 3. ^a cras
25 de Xullo	LIPARI (nuevo)	339'60 pesetas.
11 de Septembre	MOSELLA	394'60 "

Prezos en cámara

	Pernambuco	Bahia	Rio Xaneiro	Santos	Montevideo	Bos Aires
En primeira crase. . . Ptas.			1.315		1.565	1.693
En segunda crase. . . "			1.610		1.610	1.610
En segunda intermedia. . . "			575		575	575

Aos precios de cámara hai que aumentar os impostos

Nenos menores de dous anos, un gratis por cada familia; de dous a cinco anos, cuarta pasaxe; de cinco a dez anos, media pasaxe; maiores de dez anos, pasaxe enteira. E necesario presentarse nesta Axencia cinco días antes da saída do vapor. Para mais informes dirixirse aos seus Axentes Xenerás en Hespaña:

ANTONIO CONDE Fillos - Plaza de Ourense, 2 - A CRUÑA

Telegrams "Chargeurs"

Garage ALONSO

DE

Alfredo Alonso, S. en C.
LA CORUÑA

GARAXES { Belanzos, 3
 Rosalía Castro, 1-3-5
 Xoán Flórez, 138

Oficinas e despacho:
Xoán Flórez, 55 e 57

Dirección Telegráfica
e Telefónica:

Garaxe "ALONSO"

Teléfono urbano:

Oficinas, núm. 417
Garaxe, núm. 517

Líña direita coa inter-
urbana

Conta corrente co:

Banco de Hespaña
Banco Hespañol do
Río da Plata
Banco Hisp. Americ.^o
Sobriños de J. Pastor



IMPORTACIÓN DIRECTA
Representación exclusiva das marcas MINERVA, ESSEX,
HUDSON, BIGNAN SPORT

Servicio regular de autocamións de transporte entre a Cruña Santiago,
e viceversa

Automóviles

Accesorios
Neumáticos

Bandaxes macizos
«CONTINENTAL»

con prensa hidráulica
para o seu montaxe

Aceites e graxas
das
Mellores marcas

Automóviles
de alquiler

Comisións
e
Representacións

GASOLINA
vendas ao por
maior e menor

OS MAIS IMPORTANTES GARAXES DE GALICIA